

I CONCURSO INTERNACIONAL BAL E GAY

A asociación cultural de Nois xunto ao Concello de Foz teñen a honra de convocar a primeira edición do Concurso Internacional de clarinete Bal e Gay.

A finalidade do evento será a proxección e recoñecemento de mozos clarinetistas talentosos fomentando o intercambio de experiencias culturais e dotando á pequena localidade galega dunha gran visibilidade internacional. A presenza de solistas das máis prestixiosas orquestras a nivel mundial dotará ao Concurso da excelencia que require un evento destas características.

O Concurso terá lugar na fermosa localidade de Foz (Lugo) entre o 27 e 29 de Agosto do 2017. A competición estará suxeita ás seguintes normas:

1. PARTICIPANTES:

1.1 Idade dos participantes

Poderán participar todos os clarinetistas de calquera nacionalidade que nacesen entre o 1 de xaneiro de 1986 e do 24 de agosto de 1999.

1.2 Inscripción

Os participantes deberán facer a súa inscrición en liña en www.festivalbalygay.com a partir da data que se abra a convocatoria e non máis tarde do 30 de xuño do 2017 achegando a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI ou pasaporte escaneada
- b) CV actualizado
- c) Fotografía actualizada
- d) Obras elixidas para o programa do concurso.
- e) Vídeo de alta calidade coa gravación das obras obrigadas na rolda preliminar a través dunha ligazón de YouTube o Vimeo.

(O candidato só poderá dar por aceptada a solicitude de inscrición cando reciba a confirmación de recepción, por correo electrónico por parte da organización. A confirmación será enviada nun prazo de 5 días despois da tramitación da solicitude por parte do candidato. Se o candidato non recibise esa confirmación, pode poñerse en contacto coa organización a través da dirección: info@festivalbalygay.com

1.3 Número de participantes

A partir da documentación enviada polos solicitantes a organización do concurso seleccionará a un máximo de 20 participantes. Os participantes seleccionados serán informados da súa selección antes do 10 de xullo.

1.4 Taxa de inscrición

O aspirante deberá abonar unhas taxas de 40,00 € mediante PayPal o transferencia bancaria á seguinte conta:

IBAN ES82 2080 0119 9530 0010 3124

(A taxas non serán reembolsables baixo ningunha circunstancia)

1.5 Aloxamento

O Festival facilitará información sobre as posibles alternativas e prezos en hoteis ou albergues da zona próxima á sede do concurso. Con todo, a organización non se responsabiliza da reserva e ningún gasto asociado.

2. Concurso

2.1 Probas de Concurso

-O Concurso Bal y Gay constará de 4 roldas: Rolda Preliminar (vía vídeo), Primeira Rolda, Semifinal e Final. (Ver máis detalles no apartado de Programa do Concurso)

- Na primeira rolda haberá un máximo de vinte participantes.

- A orde dos candidatos será establecido ao comezo da primeira rolda e permanecerá invariable durante os tres días do concurso.

- O xurado actúa de acordo cun regulamento interno estrito e as súas decisións son irrevogables.

2.2 Ensaios e estudo individual

- As salas de estudo estarán a disposición dos concursantes a partir do día anterior ao comezo do Concurso. Un plan da ocupación das salas será establecido pola dirección do concurso.

- Cada candidato terá dereito a un ensaio con piano antes da primeira rolda e antes da semifinal. Existirá a posibilidade de realizar un ensaio extra a expensas do candidato e dentro dos límites de dispoñibilidade do pianista acompañante.

-O pianista acompañante será oficialmente designado pola organización do Concurso para estar a disposición dos candidatos durante todas as fases. Os

participantes igualmente poderán á súa costa, ser acompañados por calquera pianista da súa elección

-Para os finalistas haberá un ensaio coa orquestra e unha proba acústica o mesmo día da final pola mañá

3. Premios

1º premio: 3000 euros

2º premio 1500 euros

3º premio: 800 euros

Premio do público: Matrícula gratis para o próximo Encontro de Música Bal e Gay

4. Xurado

A presenza de solistas das máis prestixiosas orquestras a nivel mundial dotará ao Concurso da excelencia que require un evento destas características. (Ver máis detalles no apartado de Xurado)

5. Público e Gravación do Concurso

Fóra da preselección todas as fases serán abertas ao público e poderán ser gravadas, filmadas ou emitidas por radio ou televisión sen compensación económica algunha para os participantes.

6.Responsabilidade.

A organización non se fai responsable de ningún accidente ou dano sufrido polos participantes durante o concurso.